c) Forma: concurso

4°.- PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN: 133.388,40 euros, I.V.A. incluido.

5°.- GARANTÍA

Definitiva: El 4% sobre el importe de adjudicación.

6°.- OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN.

a) Entidad: Ayuntamiento de Cospeito.

b) Domicilio: Avda. Terra Chá, 29.

c) Localidad y código postal: Feria del Monte (Cospeito) - 27377.

d) Teléfono: 982-52.00.01.

e) Fax: 982-52.01.02.

f) Fecha límite de obtención de la documentación: hasta el día anterior de la finalización del plazo de presentación de ofertas.

7°.- REQUISITOS ESPECÍFICOS DEL CONTRATISTA.

Clasificación:

a) No se exige.

b) Solvencia económica financiera y técnica: acreditar por cualquiera de los medios establecidos en los artículos 16 y 18 del texto refundido de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de junio.

8°.- PRESENTACIÓN DE LAS OFERTAS.

A) Fecha límite de presentación: 8 días naturales contados desde el siguiente a la publicación del presente edicto en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, y, si el último día coincide en sábado, domingo o festivo, el día siguiente.

B) Documentación a presentar: La señalada en la cláusula IX del pliego de condiciones.

C) Lugar de presentación: Registro General de 9,00 a 14,00 horas.

1) Entidad: Ayuntamiento de Cospeito.

2) Domicilio: Avda. Terra Chá, 29.

3) Localidad y código postal: Feria del Monte (Cospeito) - 27377.

D) Plazo durante el cual el licitador está obligado a mantener su oferta: tres meses.

9°.- APERTURA DE OFERTAS.

a) Entidad: Ayuntamiento de Cospeito.

b) Domicilio: Avda. Terra Chá, 29.

c) Localidad: Feria del Monte (Cospeito).

d) Fecha: El día siguiente a aquel en el que finalice el plazo de presentación de plicas, excepto domingos y festivos.

e) Hora: a las 12,00 horas.

10°.- OTRAS INFORMACIONES.

En el teléfono indicado.

11°.- GASTOS DE ANUNCIOS.

Correrán por cuenta de los adjudicatarios.

12°.- FINANCIACIÓN.

El suministro objeto de esta licitación está incluido en el Plan Provincial de Cooperación a las obras y servicios de competencia municipal del año 2005.

Cospeito, 20 de septiembre de 2005.- El Alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 04566

## GUITIRIZ

Elevado a definitivo por non terse feito reclamacións durante o período de exposición ao público o acordo do Concello en Pleno adoptado na sesión de 28/7/05 de aprobación provisional do expediente da nova ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servicios na escola municipal de música e a modificación da ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servicio de recollida e tratamento de lixo, cuxa aprobación inicial foi publicada no BOP de 10/08/2005 nº 182, de conformidade co disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, fanse públicos os textos das ordenanzas, entrando en vigor na data que figura na disposición final de cada unha delas.

TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA.

Artigo 1.- De conformidade có disposto nos artigos. 15 a 19 en relación có artigo 20 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, se establece a Taxa pola prestación de servizos na Escola Municipal de Música.

Artigo 2.- Feito impoñible.

Constitúe o feito impoñible da taxa, a prestación do servicio de ensino de música da Escola Municipal de Música do Concello de Guitiriz.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos as persoas que soliciten a prestación dos servizos que integran o feito impoñible.

Artigo 4.- Devengo, xestión e recadación.

1.- Devéngase a Taxa cando se solicite a prestación do servizo.

2.- O pago farase por adiantado no momento da matriculación, polo procedemento de declaración-liquidación, como trámite previo á prestación do servizo. Sen o xustificante de ingreso da declaración-liquidación, non se poderá cursar a matrícula.

MATRICULA:

Para empadroados no Concello de Guitiriz: 100 euros.

Para non empadroados no Concello de Guitiriz: 150 euros.

Actividades extras: 20 euros.

Aluguer de instrumentos: 25 euros.

Artigo 5.- En tódolo relativo ás infraccións tributarias e a súa calificación, así como as sancións que ás mesmas correspondan, se aplicará o réxime regulado na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a completan e desenrolan.

Disposición final.

A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada polo Concello en Pleno na sesión celebrada o día de 2005. Comenzará a aplicarse a partir do día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO E RESIDUOS URBANOS.

ARTIGO 1. Fundamento e natureza.

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local, en relación cos artigos 149 e seguintes, 137 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e de conformidade co disposto no art.20, apartado 4, letra s) do R.d. lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello aprobou a taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbanos, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no art. 57 do devandito R.d. lexislativo 2/2004.

ARTIGO 2. Feito impoñible.

1. Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida e tratamento de lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos, así como locais recreativos, de culto ou de actividades de venda ambulante.

2. A tal efecto, considéranse lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos os restos e desperdicios de alimentación ou detritos procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas e se exclúen de tal concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou a recollida dos cales esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

3. Así mesmo considérase realizado o feito impoñible naquelas vivendas que dispoñan de auga potable ou outro subministro e nos establecementos onde se exercen actividades económicas, susceptibles de seren obxecto de gravame polo IAE ou outros tributos, sempre que exista aparencia exterior de realización dunha actividade económica.

ARTIGO 3. Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 36 da Lei xeral tributaria, que ocupen ou utilicen ou sexan susceptibles de utilizaren vivendas e locais emprazados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas radicados no termo municipal de Guitiriz no que se preste o servizo de recollida, transporte e tratamento de lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos polo Concello. Dita ocupación ou utilización entenderase sempre realizada, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario ou habitacionista, arrendatario ou, mesmo de precario.

1. Cando se trate de servizos prestados previa solicitude, será suxeito pasivo o solicitante ou o causante da prestación.

2. No caso de vivendas ou locais, presumirase que é suxeito pasivo o titular do abono ao servizo da auga, e no caso de establecementos nos que se realicen actividades económicas, a persoa física ou xurídica que figura coma suxeito pasivo no Imposto sobre Actividades Económicas e nos restantes tributos municipais que graven ou poidan gravar a actividade desenvolvida.

3. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aquelas, beneficiarios do servizo.

Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas á que se refiren os artigos 42 da Lei xeral tributaria. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 4. Tarifas.

A cota tributaria é o resultado da aplicación das seguintes tarifas:

| | TARIFA ANUAL EUROS | TARIFA TRIMESTRAL EUROS |
|---|---|---|
| Vivenda | 42,00 | 10,50 |
| Hoteis hostais e moteis, que só presten servizo de almorzo (euros por habitación) | Mínimo 130,00 | 32,50 |
| Hoteis, hostais e moteis con servizo de restaurante (euros por habitación). | Mínimo 130,00 | 32,50 |
| Restaurantes, mesóns e casa de comidas | 120,00 | 30,00 |
| Cafeterías, bares, tabernas | 120,00 | 30,00 |
| Whisquerías, clubs e análogos | 140,00 | 35,00 |
| Discotecas, pubs, salas de baile, | | |

| | | |
|---|---|---|
| bingo, cines e similares | 140,00 | 35,00 |
| Supermercados e asimilados | 130,00 | 32,50 |
| Tendas, froiterías, pescaderías e outros establecimentos de alimentación ó por minor | 65,00 | 16,25 |
| Comercio en xeral ó por minor, peluquerías e asimilados | 40,00 | 10,00 |
| Despachos profesionais | 40,00 | 10,00 |
| Entidades financieiras | 90,00 | 22,50 |
| Talleres ata 250 m² | 90,00 | 22,50 |
| Talleres de máis de 250 m² | 120,00 | 30,00 |
| Industrias, fábricas | 180,00 | 45,00 |
| Farmacias, parafarmacias ou similares | 70,00 | 17,50 |
| Hospitais, clínicas, residencias | 110,00 | 27,50 |
| Centros de ensino privados de todo tipo | 80,00 | 20,00 |
| Tanatorios | 100,00 | 25,00 |
| Gasolineiras | 100,00 | 25,00 |
| Areas-Estacións de servizo | 900,00 | 225,00 |

No caso de que un establecemento conte con máis dunha actividade, cotizará por cada unha delas.

ARTIGO 5: Xestión, liquidación e recadación.

Devengase a taxa no momento no que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciado cando estea establecido e en funcionamento.

A xestión da taxa farase sobre o padrón ou listaxe cobratoria comprensiva das liquidacións por recibo referidos á prestación do servizo. O referido padrón será aprobado, previa a fiscalización preceptiva da Intervención Municipal e exposición ao público por un período de 15 días, dentro do primeiro semestre de cada período impositivo.

O prazo para formular o recurso de reposición será de un mes, contado desde o remate da exposición ao público,

No acordo de aprobación se precisará o prazo do período cobratorio, que nunca poderá ser inferior a dous meses, axustándose o mesmo ás instrucións que se dicten pola Tesourería Municipal.

Non será necesaria a publicación do padróns ou listaxes cobratorias correspondentes aos restantes trimestres do período impositivo, sendo preciso tan só a notificación individual das altas ou baixas que se produzan nun trimestre con relación ao anterior.

ARTIGO 6 . Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así coma das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso se estará o disposto nos artigos 191 e seguintes da Lei xeral tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL.

As tarifas incrementaranse cada ano en función do incremento do IPC.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresas.

Guitiriz, 26 de setembro de 2005.- A Alcaldesa, Regina Polín Rodríguez.

R. 04664

## O INCIO

*Edicto*

El Ayuntamiento Pleno, en sesión ordinaria de fecha 4 de julio de 2005, aprobó definitivamente el expediente de imposición de contribuciones especiales para la ejecución de las obras "pavimentación y servicios en la calle de circunvalación entre las carreteras de Ferrería y Bóveda, en A Cruz do Incio, 2ª fase", con arreglo al siguiente desglose:

* Coste total das obras:

| | |
|---|---|
| Presuposto de execución por contrata | 79.500,00 euros |
| Expropiacións | 11.999,38 euros |
| Honorarios de redacción de proxectos | 2.672,27 euros |
| Honorarios de dirección de obra | 2.303,68 euros |
| TOTAL | 96.475,33 euros |
| *Base impoñible (90% coste total obras) | 86.827,80 euros |

*Criterios de reparto: metro lineal de fachada.

*Suxeitos pasivos e cotas tributarias: